



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Literatura Portuguesa 2	Código	613G02037	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web	https://www.udc.gal/gl/filo/grao_galego/index.html			
Descrición xeral	Estudo dos principais elementos relativos ao funcionamento da literatura portuguesa desde o século XIX até a actualidade			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A2		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos literarios e culturais, así como interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.	A18		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.	A20		
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. QUESTÕES GERAIS E METODOLÓGICAS	1.1. Ferramentas teórico-metodológicas para a análise da función e posición da literatura nos campos culturais 1.2. Da retórica para a literatura nacional 1.3. O proceso de canonización: resultados em inícios do século XXI
2. A PRODUÇÃO OITOCENTISTA	2.1. O campo literário português no século XIX 2.2. Relações intersistémicas: a tradução 2.3. O romance: Herculano, Garret, Camilo e Eça 2.4. A "Questão Coimbrã" e a "Geração de 70".



3. DA MONARQUIA PARA A REPÚBLICA	3.1. A poesía de Cesário Verde e de António Nobre 3.2. Renascença e Saudosismo: Teixeira de Pascoaes (e a Galiza) 3.3. O uso da tradición: o Integralismo Lusitano de Afonso Lopes Vieira
4. O(S) MODERNISMO(S)	4.1. O campo literario portugués entre a República e o Estado Novo: "Orpheu" e outras revistas 4.2. O "drama em gente" de Fernando Pessoa. A poesía de Alfredo Guisado, Almada Negreiros, Sá Carneiro e Florbela Espanca 4.3. A "Presença" e outras revistas 4.4. O surrealismo e o neorealismo
5. ESTADO NOVO E PÓS-25 DE ABRIL	5.1. António Ferro e a política cultural do Salazarismo 5.2. O cânone e as produtoras: Entre Agustina Bessa-Luís e Lídia Jorge 5.3. O romance segundo José Cardoso Pires, António Lobo Antunes e José Saramago 5.4. A poesía segundo Helberto Helder, Eugénio de Andrade e Ana Hatherly 5.5. A internacionalización da literatura Portuguesa: prêmios, revistas, mercados, encontros, institucións.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A2 A18 A20 B1 B3 B7	5	20	25
Presentación oral	B6 B7	5	15	20
Recensión bibliográfica	A2 A11 A18	2	10	12
Estudo de casos	A2 A14 B1 C4	10	20	30
Sesión maxistral	A18 B5 B7 C4	14	20	34
Traballos tutelados	A2 A14 A18 B1 B3 B7	4	20	24
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Cada alumno/a realizará a lectura de unha serie de monografías, artigos ou capítulos de libro relativos aos contidos focados na materia e recollidas por extenso nunha listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. Destas leituras, un artigo ou capítulo de libro será obxecto de presentación oral e un dos libros escollidos das "lecturas obrigatorias" da recensión bibliográfica. Os restantes libros de lectura obrigatoria serán traballados na sala de aulas de acordo coas instrucións fornecidas polo profesor no inicio das sesións.
Presentación oral	Cada alumno/a deberá presentar oralmente ao conxunto da turma os resultados do Traballo Tutelado realizado e as principais cuestións focadas no artigo ou capítulo de libro que lle for atribuído. Os materiais utilizados nas exposicións orais (diapositivos, esquemas, etc.) serán disponibilizados para o conxunto do grupo através do Moodle. A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos contidos vehiculados deben ser tamen levados en conta polo alumnado neste tipo de actividade.
Recensión bibliográfica	O alumnado realizará a "Recensión bibliográfica" individual de un dos libros escollidos entre a listaxe de "lecturas obrigatorias". A correspondente recensión será disponibilizada para o conxunto do grupo a través do Moodle.
Estudo de casos	Comentario e análise crítica de materiais de vario tipo relativos aos contidos focados na materia. Poderán ser realizados presencialmente na sala de aulas ou de forma autónoma polo alumnado.



Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Traballos tutelados	Utilizando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", o alumnado realizará en grupos reducidos un traballo tutelado (focado de preferencia para a pesquisa, a documentación e a divulgación de contidos) do cal se derivará tamén a correspondente "Presentación Oral". Tanto a composición do grupo como o(s) asunto(s) concreto(s) focado(s) no traballo será(n) acordado(s) co profesor no inicio das sesións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Presentación oral Recensión bibliográfica Estudo de casos	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel polo materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do Traballo Tutorizado e os estudos de caso. De maneira xeral, canto ao Traballo Tutorizado, cada equipa asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A14 A18 B1 B3 B7	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado". A corrección lingüística, as estratexias e procedementos utilizados tanto para resolver eventuais problemas como para presentar o traballo serán tamén obxecto de avaliación.	20
Lecturas	A2 A18 A20 B1 B3 B7	Será avaliada a participación informada nas sesións presenciais onde serán abordados tanto os libros de lectura obrigatoria como os artigos ou capítulos e libro analisados. Da mesma maneira, serán obxecto de avaliación a calidade da presentación dos contidos específicos, os materiais utilizados e o correcto cumprimento das tarefas encomendadas no decurso desas sesións.	20
Presentación oral	B6 B7	Para alén da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipa.	10
Recensión bibliográfica	A2 A11 A18	Na recensión bibliográfica será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a hierarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo.	10
Estudo de casos	A2 A14 B1 C4	Será avaliada a capacidade analítica e crítica, o entendemento dos procesos focados e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade destas características. Cando corresponder, serán tamén obxecto de avaliación a participación e o traballo en equipa.	40



Observacións avaliación

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que figuran no documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués en 6/7/2018 e publicado no Moodle). Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). O alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos docentes. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor através do correo electrónico no inicio do curso. Aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesor. O alumnado que se apresente á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente e, para superar a materia, realizar e superar unha proba mixta (5 valores), dúas recensións bibliográficas (2 valores) e aqueles estudos de caso (3 valores) que lle foren encomendados. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor através do Moodle e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superaren a materia nesta segunda oportunidade deberán ser realizadas satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior ou aqueles outros traballos que foren agora solicitados.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non presente ningunha das actividades previstas neste guía.

Fontes de información



Bibliografía básica

1. AA.VV. (1984). *Literatura e realidade (que é o Realismo?)*. Lisboa: Dom Quixote.

2. Amaral, F. Pinto de (1991). *O mosaico fluido. Modernidade e pós-modernidade na poesia portuguesa mais recente (autores revelados na década de 70)*. Lisboa: Assírio & Alvim.

3. Barreira, C. (1981). *Nacionalismo e modernismo. De Homem Cristo Filho a Almada Negreiros*. Lisboa: Assírio & Alvim.

4. Bernardes, José Augusto Cardoso et al (dir.) (1995-2002). *BIBLOS. Enciclopédia VERBO das literaturas de língua portuguesa*. Lisboa-São Paulo: Verbo (5 vols.).

5. Bessa-Luís, A. (1979). *A vida e a obra de Florbela Espanca*. Lisboa: Arcádia.

6. Buescu, Maria Leonor Carvalhão (1994). *História da literatura*. Lisboa: IN-CM.

7. Coelho, Jacindo Prado (ed.) (1987). *Dicionário de literatura: literatura portuguesa, brasileira, galega, estilística literária*. Porto: Figueirinhas (5 vols. e atualização de 2002-2003).

8. Cruz, L. (1971). *Viragem do romance português*. Paris: Fundação Calouste Gulbenkian.

9. Dias, A.F. (1998). *História e crítica da literatura portuguesa*. São Paulo: Verbo.

10. Ferreira, A. (ed.) (1980). *Antologia de textos da "Questão Coimbrã"*. Lisboa: Moraes Ed.

11. Ferreira, João Palma (1985). *Literatura portuguesa: história e crítica*. Lisboa: IN-CM.

12. George, João Pedro (2002). *O meio literário português (1960/1998) prémios literários, escritores e acontecimentos*. Algés: Difel.

13. Guerra da Cal, Ernesteo (1981). *Língua e estilo em Eça de Queiroz [trad.]*. Coimbra: Almedina.

14. Guimarães, Fernando (1969). *A Poesia da presença e o aparecimento do neo-realismo*. Porto: Inova.

15. Lopes, Óscar (s.d.). *Oliveira Martins e as contradições da Geração de 70*. Porto: Biblioteca Fenianos.

16. Lourenço, Eduardo (2003). *Lourenço, Eduardo. Título Pessoa revisitado : leitura estruturante do drama em gente*. Lisboa: Gradiva.

17. Macedo, Helder (1999). *Nós uma leitura de Cesário Verde*. Lisboa: Presença.

18. Machado, Álvaro Manuel (1998). *A Geração de 70. Uma revolução cultural e literária*. Lisboa: Presença.

19. Marinho, Maria de Fátima (1999). *O romance histórico em Portugal*. Porto: Campo das Letras.

20. Martins, A. Coimbra (1967). *Ensaio Queirosianos. O Mandarim assassinado. O incesto d'Os Maias. Imitação capital*. Lisboa: Publicações Europa-América.

21. Martins, Fernando Cabral (coord.) (2008). *Dicionário de Fernando Pessoa e do modernismo português*. Lisboa: Caminho.

22. Melo e Castro, E.M. (1980). *As vanguardas na poesia portuguesa do século XX*. Lisboa: ICALP.

23. Morao, Paula (1991). *O Só de António Nobre uma leitura do nome*. Lisboa: Caminho.

24. Pascoaes, Teixeira de (1988). *A Saudade e o saudosismo dispersos e opúsculos (Pinharada Gomes ed.)*. Lisboa: Assírio e Alvim.

25. Petrov, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em literatura e cultura portuguesas. De Eça de Queirós a Fernando Pessoa*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora.

26. Petrov, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em literatura e cultura portuguesas. Século XX*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora (vols.1-3).

27. Pimentel, F. Vieira (1981). *Tendências da estética finissecular. D. João da Câmara. Um caso exemplar*. Ponta Delgada: Universidade dos Açores.

28. Pimentel, F.J. Vieira (ed.) (2002). *Presença : labor e destino de uma geração, 1927-1940: estudos e ensaios*. Coimbra: Angelus Novus Editora.

29. Pires, Daniel (1986). *Dicionário das revistas literárias portuguesas do século XX*. Lisboa: Contexto.

30. Popper, Karl R. (1987). *O Realismo e o objectivo da ciência*. Lisboa: Dom Quixote.

31. Quadros, António (1989). *O primeiro modernismo português: vanguarda e tradição*. Lisboa: Publicações Europa-América.

32. Rebelo, Helena (coord.) (2011). *Lusofonia. Tempo de reciprocidades (Actas do IX Congresso da AIL)*. Porto: Afrontamento (2 vols.).

33. Reis, Carlos (coord.) (1989). *Literatura portuguesa moderna e contemporânea*. Lisboa: Universidade Aberta.

34. Reis, Carlos (dir.) (1991-1996). *História crítica da literatura portuguesa*. Lisboa: Verbo (9 vols.).

35. Rodríguez, J.L. et al (eds.) (2008). *Da Galiza a Timor. A Lusofonia em foco (Actas do VIII Congresso da AIL)*. Santiago de Compostela: USC (3 vols.).

36. Saraiva, António José (1982). *As ideias de Eça de Queirós*. Amadora: Bertrand.

37. Saraiva, António José e Lopes, Óscar (1992). *História da literatura portuguesa*. Porto: Porto Editora.

38. Simões, M.L. Netto (1975). *Narrativa portuguesa em processo de fragmentação*. Petrópolis: Vozes.

39. Taibo, Carlos (2010). *Parecia não pisar o chão. Treze ensaios sobre as vidas de Fernando Pessoa*. Santiago de Compostela: Através Editora.

40. Torres, A. Pinheiro (1977). *O Neo-Realismo literário português*. Lisboa: Moraes Ed.

41. VV.AA. (1991). *A arte e a sociedade portuguesa no século XX (1910-1990)*. Lisboa: Livros Horizonte



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Castro, A. (1960). Balzac em Portugal. Coimbra - Guimarães, Fernando (ed.) (2001). Simbolismo, saudosismo e modernismo antologia de poesía portuguesa. Lisboa: Quase - Hourcade, P. (1963). Guerra Junqueiro et le problème des influences françaises en son oeuvre. Paris - Martines, Enrico (ed.) (1998). Cartas entre Fernando Pessoa e os directores da presença. Lisboa: IN-CM - Monteiro, João César (1969). Sophia de Mello Breyner Andersen. http://www.youtube.com/watch?v=3JA7lxeovVY - Silva, Manuela Parreira da (ed.) (2001). Cartas de Mário de Sá-Carneiro a Fernando Pessoa. Lisboa: Assírio & Alvim - Torres Feijó, Elías J. (2003). "Introducción", in La brasileña de Prazins. Madrid: Cátedra - (). Agália. Revista de Estudos na Cultura. http://www.agalia.net - (). Arquivo Pessoa. http://arquivopessoa.net - (). Casa Fernando Pessoa. http://casafernandopessoa.cm-lisboa.pt/index.php?id=2233 - (). Colóquio/ Letras. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian - (). Correntes d'Escritas. Revista de Cultura Literária de Póvoa de Varzim. - (). Dicionário Histórico de Portugal. http://arqnet.pt/dicionario/ - (). Jornal de Letras, Artes e Ideias. http://visao.sapo.pt/JL - (). Literatura portuguesa (Instituto Camões). http://cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/bases-tematicas/literatura-portuguesa.html - (). Projecto Vercial. http://alfarrabio.di.uminho.pt/vercial/index.html <p>As persoas que acompañaren a materia deberán realizar obrigatoriamente a lectura de dez obras, das cales unha será seleccionada para ser recensionada. Os textos serán fixados nas primeiras sesións presenciais e deberán contemplar a necesaria variedade en relación tanto co xénero literario como das persoas produtoras. A selección poderá ser feita a partir de unha listaxe orientativa fornecida polo profesor responsábel pola materia. Para alén da obra de Perfecto E. Cuadrado (ed.), You are welcome to Elsinore: poesía surrealista portuguesa, antologia (Compostela, Laivento, 1996), entre estas dez obras figurarán necesariamente textos da autoria de: 1) Alexandre Herculano, Almeida Garret ou Camilo Castelo Branco; 2) Eça de Queirós, 3) Fernando Pessoa, 4) José Saramago e 5) Florbela Espanca.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Portuguesa 1/613G02026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua e Cultura dos Países de Fala Portuguesa/613G02027

Literaturas de Lingua Portuguesa/613G02039

Poesía en Lingua Galega e Portuguesa/613G02043

Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa/613G02046

Teatro en Lingua Galega e Portuguesa/613G02047

Materias que continúan o temario

Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías